

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13784 *Real decreto 1086/2015, do 4 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1308/2011, do 26 de setembro, sobre protección física das instalacións e dos materiais nucleares, e das fontes radioactivas.*

O Real decreto 1308/2011, do 26 de setembro, sobre protección física das instalacións e os materiais nucleares, e das fontes radioactivas, xorde da necesidade de dar cumprimento aos compromisos internacionais asumidos por España nesta materia –cuxo obxecto principal consiste en impedir que as ditas instalacións ou materiais poidan ser obxecto de sabotaxe, roubo ou desvío para o seu uso indebido–, así como da conveniencia de aproveitar a experiencia adquirida na aplicación do Real decreto 158/1995, do 3 de febreiro, sobre protección física dos materiais nucleares.

Entre os referidos compromisos internacionais encóntranse a Emenda á Convención sobre protección física dos materiais nucleares, aprobada en xullo de 2005; a ratificación, en xaneiro de 2007, do Convenio internacional para a represión dos actos de terrorismo nuclear; a Resolución 1540 de 2004, do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, relativa á non proliferación de armas de destrución masiva; a Iniciativa global para combater o terrorismo nuclear, posta en marcha tras o Cumio do G-8 celebrado en xuño de 2006; ou o Código de conduta sobre a seguridade tecnolóxica e a seguridade física das fontes radioactivas, aprobado polo Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA) en setembro de 2003.

O referido Real decreto 1308/2011, do 26 de setembro, no número 2 do seu artigo 2, define a «ameaza base de deseño» como «os atributos ou características de posibles adversarios internos, adversarios externos ou de ambos en colusión, que poderían intentar a retirada non autorizada de material nuclear ou de fontes radioactivas ou actos de sabotaxe, que se toman como base para deseñar e avaliar os sistemas de protección física de tales materiais, fontes e instalacións nucleares.»

Así mesmo, este real decreto, no número 1 do seu artigo 8, establece que «O Ministerio do Interior e o Consello de Seguridade Nuclear, coa colaboración que se considere necesaria das autoridades competentes, a partir dos resultados obtidos na avaliación estatal da ameaza, determinarán a ameaza que se deberá tomar como base para o deseño dos sistemas de protección física das instalacións e materiais nucleares e das fontes radioactivas incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto e notificaránllela aos interesados, de acordo coas previsións do número 2.»

Para dar cumprimento a este mandato, no seo do Ministerio de Interior estableceuse un grupo de traballo interministerial, que aprobou a definición da denominada ameaza base de deseño para as centrais nucleares e para o almacén temporal centralizado de combustible nuclear gastado e residuos radioactivos de alta actividade (ATC), a partir da cal se concluíu a necesidade de modificar o Real decreto 1308/2011, do 26 de setembro, para, entre outros supostos, implementar un novo contorno de protección das ditas instalacións, mediante o establecemento dun sistema permanente de resposta adecuado para neutralizar ou mitigar os posibles danos que supoñería a materialización da ameaza.

En correspondencia co disposto nos artigos 11.1, alíneas a), c) e e), e 12.1, letra B), alínea d), da Lei orgánica 2/1986, do 13 marzo, de forzas e corpos de seguridade, o dito sistema estará composto por membros do corpo da Garda Civil, que constituirán unidades permanentes de resposta.

Adicionalmente ao anterior, o OIEA publicou en 2012 a revisión 5 do documento INFCIRC 225, «Recomendacións de seguridade física nuclear sobre a protección física dos materiais e as instalacións nucleares», no cal, entre outras cousas, se introducen recomendacións en materia de ciberseguridade.

O mesmo que na maioría dos ámbitos de actividade económica, as tecnoloxías da información e as comunicacións van tendo un papel cada vez máis importante no sector da industria nuclear, polo que se fai necesaria a adopción dunha serie de medidas de carácter integral, desde o punto de vista físico e lóxico, tanto por parte da Administración como por parte dos operadores das instalacións nucleares e radioactivas, para facer fronte a eventuais ameazas cibernéticas.

Con este fin, en 2013, en España desenvolveuse a Estratexia de ciberseguridade nacional, que ten entre os seus obxectivos impulsar a seguridade e resiliencia dos sistemas de información e telecomunicacións usados polo sector empresarial, en xeral, e polos operadores de infraestruturas críticas en particular.

Así mesmo, e polo que se refire ao ámbito da protección das infraestruturas críticas, a industria nuclear é un sector estratéxico da sociedade, polo que, co obxecto de garantir a seguridade integral das instalacións nucleares e radioactivas, cómpre establecer unha homoxeneización e compatibilidade entre os plans de protección física exixidos polo Real decreto 1308/2011, do 26 de setembro, e os plans de protección específicos previstos na Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas.

A todo o anterior, transcorridos catro anos desde a publicación do Real decreto 1308/2011, do 26 de setembro, únese a necesidade de actualizalo, co obxecto de ter en conta non só a lexislación aprobada tras a súa entrada en vigor, como a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, senón tamén a experiencia adquirida neste tempo no que respecta á tramitación do documento Plan de protección física das instalacións nucleares, así como a exixencia de coordinar a súa aprobación co Plan de protección específico previsto no Real decreto 704/2011, do 20 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección das infraestruturas críticas, e establecer o procedemento para iso.

Polos motivos expostos, considerouse necesario revisar o Real decreto 1308/2011, do 26 de setembro.

Por outra parte, respecto aos antecedentes deste real decreto, tamén cabe facer referencia á disposición derradeira sétima da Lei 34/2015, do 21 de setembro, de modificación parcial da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, pola que se crea a taxa estatal pola prestación de servizos de resposta pola Garda Civil, no interior das centrais nucleares ou outras instalacións nucleares, cuxos suxeitos pasivos serán os titulares das instalacións obrigadas a dispoñer das unidades de resposta da Garda Civil e cuxa base impositiva se determinará atendendo ao número de axentes asignados a cada central ou instalación.

Este real decreto, que ten o seu fundamento legal no artigo 36 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, que dispón que «as autoridades competentes e os titulares deberán adoptar as medidas de prevención e protección necesarias para manter as condicións de seguridade física adecuadas nestas instalacións» e no artigo 94 do referido texto legal, que autoriza o Goberno «para que estableza os regulamentos precisos para a súa aplicación e desenvolvemento», dítase de acordo co Consello de Seguridade Nuclear e tras ter consultado cos axentes económicos sectoriais e sociais interesados, así como coas comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo e do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1308/2011, do 26 de setembro, sobre protección física das instalacións e dos materiais nucleares, e das fontes radioactivas.*

O Real decreto 1308/2011, do 26 de setembro, sobre protección física das instalacións e os materiais nucleares, e das fontes radioactivas, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 2, ao cal se engaden dúas novas definicións.

«21. “Unidade de resposta”: unidade da Garda Civil asentada permanentemente no interior das centrais nucleares e naquelas instalacións nucleares que se determine por lei conforme a ameaza base de deseño, para proporcionar unha resposta adecuada de entidade en caso de materialización das ameazas antisociais de orixe humana que poidan determinar ou elevar o risco de roubo ou sabotaxe.

22. “Resposta de entidade adecuada”: reacción de oposición a un ataque ou intrusión, para neutralizalo ou contelo mitigando os seus efectos. Para a hipótese exposta na ameaza base de deseño, o seu alcance dependerá, entre outros factores, do número e da configuración das zonas vitais que se van protexer, das características físicas da localización e do deseño da propia instalación.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 5, que queda redactado como segue:

«1. As actuacións, comunicacións, arquivos, rexistros e documentos relativos ao deseño, establecemento e aplicación das medidas de protección física de materiais e instalacións nucleares, así como das fontes radioactivas que entren dentro do ámbito de aplicación deste real decreto, ou calquera outro tipo de información que comprometa a protección física dos materiais e instalacións afectados, terán a consideración de información que afecta a seguridade nacional, para os efectos do previsto no número 1 do artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.»

Tres. Modifícase a alínea b) do número 3 do artigo 6, cuxa redacción pasa a ser a que segue:

«b) A elaboración, a posta en práctica e o mantemento dos plans de actuación exterior e resposta, así como dos plans de información preventiva en materia de protección física das instalacións e os materiais nucleares e, cando se considere necesario, das fontes radioactivas.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 8, que queda como segue:

«1. O Ministerio do Interior e o Consello de Seguridade Nuclear, coa colaboración que se considere necesaria das autoridades competentes, a partir dos resultados obtidos na avaliación estatal da ameaza, determinarán a ameaza que se deberá tomar como base para o deseño dos sistemas de protección física das centrais nucleares e daquelas instalacións nucleares e fontes radioactivas que se considere necesario, tendo en conta as consecuencias que poidan derivar dun acto malintencionado contra as ditas instalacións e fontes, e notificaránllela aos interesados de acordo coas previsións do número 2.»

Cinco. O artigo 14.e) queda redactado do modo que segue:

«e) Plan de protección física da instalación, que deberá conter, como mínimo, unha descrición:

1.º Dos diferentes factores sociais, económicos, ambientais, meteorolóxicos, topográficos e doutro tipo que dalgún modo condicionan, ou poden condicionar, en calquera sentido, a protección física dos materiais nucleares e da instalación.

2.º Das ameazas potenciais contra a instalación ou o material.

3.º Dos medios humanos, técnicos, informáticos e organizativos de que dispón para facer fronte ás ameazas potenciais.

4.º Das actuacións previstas ante situacións especiais de operación ou ante continxencias ou emerxencias relacionadas coa protección física.

5.º Dos criterios utilizados para a autorización de acceso do persoal aos materiais nucleares ou aos sistemas, equipamentos e compoñentes vitais para a seguridade da instalación.

Este plan é parte da información a que se refire o artigo 5 e calquera modificación del deberá ser aprobada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, cos informes preceptivos previos do Ministerio do Interior e do Consello de Seguridade Nuclear.»

Seis. Modifícase o inciso final da alínea d) do artigo 19.2, cuxo teor queda como segue:

«Este plan é parte da información a que se refire o artigo 5, e calquera modificación del deberá ser aprobada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, cos informes preceptivos previos do Ministerio do Interior e do Consello de Seguridade Nuclear.»

Sete. Modifícase o artigo 30, que queda redactado como segue:

«Artigo 30. Medidas xerais de protección física das centrais nucleares e nas instalacións nucleares que se determinen por lei.»

As centrais nucleares e, se é o caso, as instalacións nucleares que se determinen por lei conforme a ameaza base de deseño deberán dispoñer dun sistema de protección física que garanta a existencia:

a) De elementos de protección que disuadan un posible adversario de materializar as ameazas contra ela.

b) De todos os medios organizativos, humanos, informáticos, técnicos e materiais necesarios e compatibles co normal desenvolvemento da operación da instalación, que contribúan a facer fronte á ameaza base de deseño e que aseguren a coordinación e a colaboración coa Unidade de Resposta.

c) Dos efectivos, medios técnicos e informáticos ou dunha combinación de ambos, que sirvan para detectar con prontitude calquera intento de intrusión en áreas de seguridade dela, así como para avaliar as condicións, circunstancias e capacidades con que o dito intento de intrusión se está producindo e manter, se é o caso, un seguimento continuo da súa progresión no interior da instalación.

d) De barreiras físicas e controis de acceso redundantes que atrasen a entrada de persoas e vehículos non autorizados ás áreas protexidas e que impidan a dita entrada ás áreas vitais ou aos lugares onde se localiza o material nuclear ata a resposta e actuación da Unidade de Resposta, durante o escenario correspondente á súa ameaza base de deseño.

e) Dun servizo de seguridade privada con efectivos debidamente habilitados, adestrados, equipados e estruturados xerarquicamente, con capacidade suficiente e proporcionada para manter un control de accesos eficaz e efectuar as comunicacións establecidas no Plan de protección física, ata a resposta e actuación da Unidade de Resposta, segundo o indicado pola normativa de seguridade privada.

f) Dos medios e procedementos necesarios para garantir que se pode comunicar e intercambiar información de forma adecuada para coordinar as actuacións de resposta.

g) Dun rexistro de persoal da instalación, así como daquel persoal de empresas contratadas que, polo exercicio das funcións encomendadas, precise acceder a áreas da instalación ou a informacións sensibles desde o punto de vista da protección física. O titular queda obrigado a mantelo actualizado e a informar o Ministerio do Interior, a través da Unidade de Resposta, previamente a calquera inscrición ou baixa no rexistro, para que se efectúen as comprobacións necesarias en relación cos obxectivos de protección física do material nuclear e da instalación.

h) Do plan de continxencia, no cal se actuará en coordinación e baixo a dirección operacional da Unidade de Resposta, para responder á retirada non autorizada ou sabotaxe de materiais en instalacións nucleares. En tales supostos, a dita unidade asumirá a dirección dos recursos públicos e privados que conformen a primeira resposta fronte á agresión.

i) De medios de protección e sometemento a criterios de confidencialidade de toda a información relacionada coa protección física dos materiais nucleares e da instalación.

j) De indicadores que aseguren a implantación dunha adecuada cultura de seguridade física na instalación.

k) Do establecemento e aplicación dun programa de formación e adestramento específico e continuo do persoal implicado na protección física da instalación, coa participación da Unidade de Resposta.

A información relativa a todos estes elementos é parte da información á cal fai referencia o artigo 5.»

Oito. Modifícase o título do artigo 31 e introdúcese unha nova alínea d) no seu número 1, coas redaccións seguintes:

«Artigo 31. *Medidas xerais de protección física nas instalacións nucleares non incluídas no artigo 30.»*

«d) Manter un rexistro de persoal da instalación, así como daquel persoal de empresas contratadas que, polo exercicio das funcións encomendadas, precise acceder a áreas da instalación ou a informacións sensibles desde o punto de vista da protección física. O titular queda obrigado a mantelo actualizado e a informar o Ministerio do Interior previamente a calquera inscrición ou baixa no rexistro, para que se efectúen as comprobacións necesarias en relación cos obxectivos de protección física do material nuclear e da instalación.»

Nove. Introdúcese unha disposición adicional única, coa redacción seguinte:

«Disposición adicional única. *Integración de plans de protección física e plans de protección específicos.*

As instalacións nucleares e radioactivas que se consideren críticas integrarán no plan de protección física, nos casos en que se estableza na normativa reguladora de aplicación, o plan de protección específico en materia de protección de infraestruturas críticas, de conformidade co disposto no artigo 29.2 do Regulamento de protección de infraestruturas críticas, aprobado mediante o Real decreto 704/2011, do 20 de maio. Na tramitación e supervisión do documento resultante da dita integración participarán de forma coordinada o Centro Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas e os demais departamentos implicados.»

Disposición adicional única. *Implantación da Unidade de Resposta.*

No prazo máximo de catro anos, de conformidade co determinado na ameaza base de deseño e coas singularidades de cada suposto, o Ministerio do Interior organizará o desenvolvemento e a implantación das unidades de resposta, de acordo coa adecuación da estrutura orgánica, a dotación necesaria nos cadros de persoal e os medios, na Dirección Xeral da Garda Civil.

Disposición derradeira primeira. *Actualización das referencias realizadas á Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

As referencias realizadas nos artigos 22.1 e 28.4 do Real decreto 1308/2011, do 26 de setembro, sobre protección física das instalacións e os materiais nucleares, e das fontes radioactivas, á disposición adicional terceira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, entenderanse realizadas á disposición adicional terceira da Lei 24/2013, do 26 de setembro, do sector eléctrico.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo no que se refire aos medios informáticos previstos no artigo 30, alíneas b) e c), e ao rexistro de persoal da instalación previsto no artigo 31, alínea d), que deberán ser implantados nun período de catro meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN